

TODA A INFORMACIÓN DA PRIMEIRA REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO ACORDO DE MEDIDAS DE MELLORA

O 9 de xaneiro de 2024 quedou constituída a comisión de seguimento do “Acordo sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docentes da comunidade autónoma de Galicia que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación”.

Na primeira reunión, constitutiva desta comisión, tratáronse varios temas cruciais para a xestión e o desenvolvemento dos aspectos contidos no acordo que afectan aos centros e á Administración Educativa:

- Para o próximo curso **2024/25**, ofertaranse un máximo de **20 prazas por unidade en 4º de educación infantil**.
- Nas unidades de infantil e primaria cunha **ratio actual de entre 20 e 25** alumnos/as, **NON** se ofertarán **novas prazas** no proceso de admisión de alumnado.
- Nas aulas de infantil e primaria con **menos de 20 alumnos/as**, ofertaranse **prazas ata alcanzar unha ratio máxima de 20**.
- Xa no proceso de admisión para o curso 2024/25, o alumnado con **discapacidade** recoñecida, algún grao de dependencia acreditado ou trastornos graves de conduta será contabilizado a todos os efectos como **dobre ou triplo**, segundo o grao recoñecido.
- Nos casos en que non sexa posible cumprir coas novas **ratios** por **falta de espazo, dotarase ao centro dun/ha especialista** en educación primaria. Nos centros de educación infantil ou de infantil e primaria sen persoal de apoio de infantil, poderase dotar ao centro cun/ha docente con perfil de educación infantil.
- **As dúas horas** lectivas semanais **de redución** para o corpo de mestres, estipuladas polo acordo, **suporán dúas horas menos de permanencia no centro**.
- **De cara á consecución da redución do horario lectivo para o todos os corpos, demandámoslle á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que lle se solicite a Función Pública a apertura de negociación do horario de traballo das e dos empregados públicos**. O obxectivo é posibilitar a prestación efectiva da xornada semanal na mesma liña que o acordado por todos os sindicatos noutros sectores da Xunta como o SERGAS ou Política Social.
- O **complemento de sexenios e de titorías aumentará nun 10 %** na nómina de xaneiro.
- O complemento por desempeño de órganos unipersoais de goberno, por ser responsable de centros de menos de tres unidades en educación infantil e primaria e outras funcións **incrementarase en 20 euros na nómina de xaneiro**.

- Con respecto ao plan de **simplificación de tarefas burocráticas** nos centros educativos, acordouse formar **catro grupos de traballo**, un para cada tipo de centro (centros de infantil, primaria e educación especial; centros de secundaria e bacharelato; centros integrados de formación profesional e centros de ensinanzas de réxime especial). Cada grupo constará de catro docentes integrantes de equipos directivos (un por provincia) e un representante da Inspección Educativa.

Coordinará estes grupos outro equipo, formado polo Subdirector Xeral de Recursos Humanos, polo Subdirector de Inspección, un/ha director/a e unha persoa representante de cada **sindicato asinante**.

Os traballos comezarán a finais de xaneiro e prolongaranse ata abril, co obxectivo de aplicar as medidas de simplificación e racionalización xa en setembro.

- A decisión de realizar **reunións de forma telemática** da totalidade de órganos de coordinación docente será **competencia do Claustro. Este poderá** decidir a favor, en contra ou **autorizar a cada órgano para que realice as reunións na modalidade acordada pola maioría das súas persoas integrantes**. En caso de empate na votación celebrada en cada órgano de coordinación, o voto da persoa responsable do órgano computará dobre.

Convocarase unha nova reunión da comisión de seguimento dentro dun mes para continuar avanzando na xestión da aplicación do Acordo.